

# POR QUE NON DEBE ENTRAR TUI NA ÁREA METROPOLITANA DE VIGO?

-Porque debemos evitar contribuir a unha fuga de actividade económica, turística e comercial cara Vigo causada por un abaratamento artificial do transporte que se pagaría através de impostos, un verdadeiro timo.

-Porque queremos evitar unha suba de impostos xeneralizada que se produciría para financiar a achega de Tui á Área Metropolitana de Vigo. Entraríamos nun proceso de igualación fiscal con Vigo, o que suporía fortes aumentos de taxas e impostos.

-Porque non abarataría os servizos públicos, senón que redistribuiría os seus custos en función de intereses políticos con previsibles encarecementos como xa nos pasou co Consorcio do Louro.

-Porque Tui non pintaría practicamente nada na toma de decisións da Área Metropolitana, cuxa lei establece un control case absoluto das decisións por parte de Vigo.

-Porque debemos seguir podendo tomar decisións en función dos intereses de Tui.

-Porque cando deberíamos estar reducindo o gasto político, por exemplo coa supresión das deputacións, o que se pretende é crear algo moi semellante a unha deputación de Vigo pero financiada polos concellos, ao contrario que as deputacións actuais.

-Porque a nosa aposta debe ser potenciar a eurocidade Tui-Valença, e o noso obxectivo competir, desde a humildade pero tamén con ambición, con Vigo.

Convergencia 21 de Tui non pode permanecer impasible mentres se pretende perpetrar un golpe de morte a Tui, en C21 loitamos por un Tui que poida mirar cara o futuro con ambición. No pleno de xullo o alcalde levou o asunto da integración na Area Metropolitana na orde do día e ante a constatación de que C21 reunira os apoios para impedir a aprobación do ingreso na AM, o alcalde retirou o punto xa durante o propio pleno, cometendo unha grave falta de respecto á corporación e aos tuidenses.

O goberno local comprometeuse a voltar a levalo a pleno en setembro. Pedimoste que fales cos concelleiros de toda a corporación e particularmente do partido ao que votaches nas municipais de 2015 e lles trasmitas que teñen que colaborar para impedir a tropelía que se está preparando, a conversión de Tui nun mero barrio de Vigo.

A Área Metropolitana de Vigo é unha realidade económica pero iso non debe ser trasladado á creación dun novo chiringo político, que crea unha nova carga sobre os contribuintes, un novo chiringo político, que xerará gasto administrativo ineficiente, clientelismo e máis corrupción. Como se os contribuintes xa tivesemos pouca carga sobre as nosas costas.

Desde C21 avogamos por potenciar a Eurocidade Tui-Valença, que ten que se converter nun nexo e punto de referencia dentro do eixo atlántico galego-portugués. Tui-Valença é unha cidade internacional de máis de 30.000 habitantes e que pode xogar un papel de lideranza turístico e cultural, así como un relevante papel económico. Ha de darse pulo a unha verdadeira área onde se compartan servizos e se estimule o comercio ou un turismo conxuntos apoiados nas excelencias patrimoniais e naturais que ámbolos dous concellos fronteirizos posuímos. Tui e Valença poden establecer unha relación complementaría que beneficia a ambas localidades, pola contra, a integración na AM de Vigo implica a subordinación a intereses que non son os de Tui.

A Area Metropolitana de Vigo pretende xerir conxuntamente o turismo, alguén se cre que desde a Area Metropolitana se ia potenciar o río Miño ou o casco histórico de Tui en lugar do casco histórico de Vigo, de categoría menor ao de Tui, ou as illas Cíes? E sobre o camiño de Santiago que faría a Area Metropolitana? Potenciar o camiño portugués tradicional que pasa por Tui ou o camiño portugués da costa que pasa por Vigo pero non por Tui?